

Amigas e amigos.

Sr. Alcalde do Concello de Oleiros e corporación municipal.

Sra. Vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña.

Sras. Deputadas do Parlamento Galego e do Parlamento do Estado.

Autoridades das institucións culturais sociais e políticas da Galiza.

Querido Nacho Taibo.

Estamos no lugar onde cantar a pedra do escritor e máis a árbore, o carballo do escritor, neste anaco de terra á beira do mar que se abre en baía, fronte aos mares desta terra que, coma un grande colo, nos acollen.

Chantamos a pedra do escritor que insculpimos cos versos dun fermoso poema, e trazamos con ela as coordenadas do afecto; e no granito o noso escritor fai que acrisole a súa longa e fértil traxectoria vital. Así, a pedra e o lugar onde está chantada fican habitados da alma do escritor, din a súa biografía, ao tempo que tamén din a nosa biografía.

Cada lectura que fagamos do poema de Nacho Taibo, como toda obra poética, levaranos a lugares onde nunca estivemos.

Difícil poder falar de mellor maneira da biografía súa que nestes versos que acrisolan e concretan na pedrafita, que crean o centro onde conflúen as xeografías do mares e das culturas das que a Galiza foi e segue a ser encrucillada das terras da Europa e da América, a luz que nace e vén do oriente para, aquí, se facer solpor. Encrucillada, centro dun universo do escritor que contén o tempo sen tempo.

Este lugar ao que nos trae a rúa María Soliña e nos fai en fraterno abrazo do mar e dialoga con outros mares cando son espello a tremelucir nese outro espello do noso devir persoal: esa conversa sempre inacabada entre o solpor e o albor que inaugura o día, para que acolla aquilo que amamos, que por ser efémero é eterno.

Así a AELG quere que por toda a Galiza, e xa son 24, as pedras dos escritores e das escritoras de noso que andan a tatuar a delicado pel da nosa terra, as rúas e parques das nosas cidades e vilas, o seu fértil corpo, os lugares do saber e da creación de mundos que os habitan para sempre.

Chantamos a pedra do escritor para que sexa o centro da rosa dos ventos, a que guía os homes e os navíos, a rosa que fica orballada dese vento do mar que leva e trae a luz que é nube en tránsito nos longos días de xuño, que leva e trae as aves, ese vento mareiro, a salgada materia da palabra coa que o noso escritor escribe coma quen crea olas do barro que conteñen vidas, soños ledicias, dores: a historia de noso.

Este abrazo entre a terra e o mar é a máis serena forma de desvendar a súa luz misteriosamente amiga. E na pedra ese alicerce íntimo, o poema, como a cartografía humana, coma unha inscrición secreta de culturas antigas, como petróglifo que nos di que a vida é unha viaxe sen retorno.

Dámoslles nome aos lugares, creamos símbolos físicos que como pequenos brancos cantos rodados nos guíen no longo camiño da vida entre as luces e as sombras do ser. Rodeámonos dos nomes onde está gravado aquilo que é memoria de noso, escribemos na pel da terra como ser vivo que alenta e se doe, aquí, compañeira do mar salgado, do mar amigo.

Lemos no poema: déixanos á porta da nosa propia experiencia coma os trigais na súa sazón. Lévanos á consciencia da propia e humana viaxe.

A pedra como argamasa que suma as partes da vida persoal de Nacho Taibo, os recordos que o olvido pole como branco seixo que hoxe fica, testemuña de quen soñou o mundo dende as praias e os cantís das mariñas. As pegadas na area de Bastiagueiro que as mareas borran día a día, mais que na pedra van permanecer e facerse unha parte máis da natureza.

Outras son as pegadas indelebles que deixa Nacho Taibo: son eses obxectos marabillados que son os libros e o inmenso pracer que produce a súa lectura, que fai preguntas sen resposta e que o lector procurará responder á luz da súa propia vida.

O poema lévanos a lugares máis alá do que lemos, territorios de luz cuxas fontes quedan fóra da nosa visión, e deixamos de ser espectadores e abrimos a porta á emoción do lonxincuo que habita no centro da nosa propia intimidade.

O carballo que nos define ancestral, sagrado, dende onde ollar os marabillados solpores sobre o mar das mariñas: este mar de fartura. O carballo que acollerá o canto e será amigo do merlo e da rula, que é amigo dos ventos que queren ser ave, que pairan ingrares. O carballo coa súa sombra sempre moza, que crea un íntimo universo á marxe do tempo. Que suxire mundos de infinitude e de eternidade.

Parabéns querido escritor. Parabéns querido amigo.

*Cesáreo Sánchez Iglesias,  
presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega  
Parque da rúa María Soliña, Santa Cruz, Oleiros.  
16 de xuño de 2018*